

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS
PERMANENTES DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2009, CON CARÁCTER
SUPLETORIO Á CORRESPONDENTE AO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2009**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás once horas do día vinte e un de decembro de 2009, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 22 de agosto de 2009.

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Asistentes:

- | | |
|----------------------|---|
| Alcalde- Presidente: | • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | • Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor |
| PP: | • Don Felipe Andreu Barallobre
• Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Santiago Manuel Ríos Rama |
| BNG: | • Don Antón Otero Domínguez
• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo |
| EU-IU: | • Don Luis Miguel Taibo Casás |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |

Non asisten, con escusa, dona Erundina Prado Arcay, titular, dona Carmen Tato Lago, titular, nin a súa suplente dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes

Asistentes:

- | | |
|---------------------|---|
| Alcalde-Presidente: | • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | • Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor |
| PP: | • Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre
• Dona Goretti Pérez Eléxpuru |
| BNG: | • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
• Don Antón Otero Domínguez |
| EU-IU: | • Don Luis Miguel Taibo Casás |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |

Non asiste, con escusa, dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE.

C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- | | |
|-------------|--|
| Presidente: | • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG |
| PSdeG-PSOE: | • Don Jaime Manuel López Lisnier |
| PP: | • Don Santiago Manuel Ríos Rama
• Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre |
| BNG: | • Dona Gumersinda Becerra Montes |

EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás

GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez

Non asisten, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor e dona Erundina Prado Arcay, titular e suplente respectivamente, nin dona M^a Beatriz Ramos Padín e dona Carmen Tato Lago, titular e suplente, do PSdeG-PSOE.

D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística

Asistentes:

Presidente: • Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE

PP: • Dona Goretti Pérez Eléxpuru
• Dona M^a Jesús González Roel
• Dona M^a Jesús Vieites Mariñas

BNG: • Dona Gumersinda Becerra Montes
• Don Antón Otero Domínguez

EU-IU: • Don Luis Miguel Taibo Casás, por imposibilidade de asistencia de don Juan Antonio Fernández López

GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez

Non asisten, con escusa, dona Erundina Prado Arcay, titular, dona Carmen Tato Lago, titular, nin a súa suplente dona M^a Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE.

E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

Presidente: • Dona Laura Fernández Martínez, do BNG

PSdeG-PSOE: • Don Jaime Manuel López Lisnier, por imposibilidade de asistencia de dona Erundina Prado Arcay

subministradoras de servizos de telefonía mobil e da aprobación provisional da ordenanza fiscal numero 21 reguladora desta taxa, e aprobación definitiva da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, así como das ordenanzas fiscais números 21 e 22 reguladoras das devanditas taxas

Vista a proposta de Alcaldía de data 16 de decembro actual.

Non se producen intervencións, polo que o Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta. Votan a prol os dous concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por unanimidade dos nove concelleiros asistentes á sesión, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar polo pleno da corporación:

Primeiro: Desestimar as alegacións, presentadas por dona María Teresa Arcos Sánchez, con DNI 05.402.768E, actuando en representación da mercantil REDTEL, ASOCIACION DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES, con CIF G-85112357, no que solicita a suspensión da tramitación da imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil e de aprobación da ordenanza fiscal número 21 reguladora dela.

Segundo: Aprobar definitivamente a imposición e ordenación da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública.

Terceiro Aprobar definitivamente a ordenanza fiscal número 21 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil e a ordenanza fiscal número 22 reguladora da taxa por aproveitamento especial da vía pública con caixeiros automáticos, adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, segundo se transcribe a continuación:

“ORDENANZA FISCAL NÚM. 21

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO

LOCAL POLAS EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MÓBIL

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º.- Feito imponible

1.- Constitúe o feito imponible da taxa o goce da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades explotadoras ou prestantes de servizos de telefonía móbil, que utilizan o dominio público para prestar estes servizos.

2.- O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración déban utilizarse antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular daquelas.

3.- O pago da taxa regulada nesta ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministro de interes xeral.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan explotadoras de servizos de telefonía móbil que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, e que utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local, en beneficio particular, con independencia de quen sexa o titular das correspondentes instalacións ou redes.

Para estes efectos, inclúense entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras deles.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Responsabilidades do suxeito pasivo

1.- Cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pagamento da taxa a que houber lugar, estará obrigado ó reintegro do custe total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe.

2.- Se os danos foran irreparables, os suxeitos pasivos indemnizarán ó Concello en contía igual ó valor dos bens destruídos ou ó importe do deterioro dos danados.

3.- O Concello non poderá condonar, total nin parcialmente, as indemnizacións e reintegros ós que se refiren os apartados anteriores.

Artigo 5º. Base imponible e cota tributaria.

1.- Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible (BI):

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcularase:

$$BI = Cmf * Nt + (0,95(NH) * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = Consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. Su importe para o exercizo 2010 será o resultado de dividir la facturación por telefonía móbil dirixida á rede nacional entre o número de liñas de telefonía fixa, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións. O seu importe é de 58,9 euros.

Nt = Número de teléfonos fixos instalados no Municipio. Será resultado de aplicar ó número de habitantes do Concello de Cambre a taxa de penetración da telefonía fixa sobre a poboación, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, que é de 10.062

0,95 = Coeficiente redutor estimativo que recollería a penetración da telefonía móbil entre a poboación empadroada no termo municipal de Cambre.

NH = Número de habitantes empadroados no Municipio de Cambre a 1 de xaneiro de 2008 é de 22.900 persoas, última cifra oficial aprobada.

Cmm = Consumo medio telefónico estimado por teléfono móbil. Será resultado de dividir os ingresos totais por telefonía móbil entre o número de teléfonos móbiles, segundo os datos obtidos do Informe Anual da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, e que é de 279,10 euros/año.

$$B.I= 58,9*10.062+ ((0,95*22.900)*279,10)= 592.651,8+6.071.820,5= 6.664.472,3$$

b) Cota básica (QB):

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base imponible:

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$QB= 1,4\%*6.664.472,3= 93.302,61$$

A cota tributaria por operador determínase aplicando o coeficiente atribuíble a cada un á cota básica global:

$$\text{Cota tributaria/operador} = CE * QB$$

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado, en función das liñas contratadas, relativo ó ano en curso, publicada por la CMT

c) Imputación por operador.

Para o ano 2010 o valor de CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son as seguintes:

	CE	Cota anual	Cota trimestral
Movistar	48,87 %	45.596,99 euros	11.399,25 euros
Vodafone	33,10 %	30.883,16 euros	7.720,79 euros
Orange	16,58 %	15.469,57 euros	3.867,39 euros
Yoigo	0,71 %	662,45 euros	165,61 euros
Otros	0,73 %	681,11 euros	170,28 euros

Artigo 6º. Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 7º. Devengo e período impositivo.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do período impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación do servizo, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

Artigo 8º. Normas de xestión.

1.- O Concello practicará as liquidacións definitivas das cotas trimestrais previstas no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

2.- Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán declaración en base aos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2010.

3.- Unha vez concluído o exercizo 2010 os suxeitos pasivos que probaran, en base a datos oficiais, que a súa participación neste período diferira da porcentaxe aplicada aos efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición adicional.-

As ordenanzas fiscais dos exercizos futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercizo 2010.

Se a presente ordenanza debe ser aplicada despois do 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, entenderáanse realizadas respecto a cada un dos exercizos nos que se aplique a ordenanza.

ORDENANZA FISCAL NÚM. 22

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, ADOSADOS AOS EDIFICIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA

Artigo 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos adosados aos edificios e con acceso directo dende a vía pública, que se rexerá pola presente Ordenanza

fiscal, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 57 e 20.3 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Artigo 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa os aproveitamentos da vía pública e terreos de dominio público, con caixeiros automáticos e demais aparatos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos, achegados aos edificios, por implicar un aproveitamento especial da vía pública ou unha especial intensidade de uso da mesma, en caso de goce de espazos sen pechar, abertos ó uso público.

A Ordenanza non será de aplicación ós casos de caixeiros e máquinas sitas en espazos delimitados por elementos permanentes de peche.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos e responsables.

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, beneficiarias da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público ou a quen afecte ou beneficie, persoalmente ou nos seus bens, os servizos ou actividades públicos que constitúan o seu feito imponible e en calquera caso, a entidade financeira titular do caixeiro automático.

2.- Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

3.- Responderán subsidiariamente da débeda tributaria os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas, os integrantes da administración concursal, e os liquidadores de entidades ou sociedades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Beneficios fiscais.

Non se concederán máis exencións ou bonificacións que as expresamente previstas nas Leis ou as derivadas de tratados internacionais.

Artigo 5º.-Cota tributaria.

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ao ano: 80 euros.

Artigo 6º. Devengo e periodo impositivo.

A presente taxa ten natureza periódica, devengándose o primeiro día do periodo impositivo, que coincidirá co ano natural, salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario, casos en que procederá aplicar o prorrateo trimestral, conforme ás seguintes regras:

- a) Nos supostos de altas por instalación dun novo caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.
- b) En caso de baixas por eliminación do caixeiro automático ou máquina, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.

En todo caso establécese a obriga de declarar de forma fehaciente, ante a administración municipal a instalación e a desinstalación do caixeiro automático ou máquina. O aproveitamento entenderase prorrogado mentres non se presente baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin, os suxeitos pasivos deberán presentar a oportuna declaración no prazo dun mes seguinte a aquel no que se retire a instalación.

Artigo 7º. Normas de xestión.

O Concello practicará dentro do primer semestre do ano, ou no momento de producirse a instalación dun novo caixeiro, as liquidacións definitivas da cota anual prevista no artigo 5 desta ordenanza que serán notificadas ao suxeito pasivo, que ingresará o importe da débeda tributaria nos prazos establecidos na Lei 58/2003, do 17 de decembro xeral tributaria.

Artigo 8º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime establecido na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.”

Cuarto: Estas ordenanzas fiscais, comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2010, e manteráanse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Quinto: Publicar no boletín oficial da provincia estes acordos definitivos, así como o texto destas novas ordenanzas fiscais, para a súa entrada en vigor.

3º Proposta de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, expediente número 2/2009

Vista a proposta de Alcaldía de data 15 de decembro actual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, solicita que se explique cun pouco máis de profundidade este expediente.

Por parte da Sra. interventora expónse que se trata, entre outras, de tres facturas que se presentaron no 2009 e se correspondían con gastos do 2008, e unha certificación de obra que se presentou en decembro de 2008, e ao tratarse de gastos que se fixéron en anos anteriores, deben traerse a aprobación polo pleno. Fai constar que hai informes que acompañan a esas facturas.

Non se producen intervencións, polo que o Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta. Votan a prol os dous concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG, e abstéñense os tres concelleiros do PP, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por catro votos a prol, ditaminou favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar polo pleno da corporación:

Aprobar o expediente número 2/2009 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2009 por importe de 30.524,86 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF/CIF	Nome/Denominación Social	Importe
TE2DM0001004	01/09/2007	A82018474	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.	235,17
17258	08/04/2008	B15025661	INSTELEC S.L.	17.626,88
1085	28/11/2008	A15112899	LABORATORIO DEL NOROESTE S.A., (LABORNOSA)	1.233,88
1121	30/12/2008	A15112889	LABORATORIO DEL NOROESTE S.A., (LABORNOSA)	1.391,84
82	27/02/2009	A15112899	LABORATORIO DEL NOROESTE S.A., (LABORNOSA)	10.037,09
			Total	30.524,86

4º Proposta para indemnizar ao exconcelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior, por gastos xurídicos nos que incurreu no exercicio do seu cargo

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de decembro de 2009.

Aberto debate, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que no informe emitido pola Intervención e Secretaría municipais conclúe que “tratándose de gastos de representación e defensa xurídica nun proceso penal, a corporación pode, ..., “ e pregunta se pode.

Pola Sra. interventora e pola secretaria se contesta que é o que consta no informe.

Don Nicolás José Cubeiro pregunta por que non se presentou antes.

O Sr. alcalde contesta que non se presentou antes porque non había partida orzamentaria.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que bota en falta un informe do xefe da área de Urbanismo, e tamén bota de menos no informe da Intervención e Secretaría municipais que non se faga referencia a que non se teñan utilizado os servizos da Deputación Provincial. Conclúe preguntando por que se gastou tanto en ir a un bufete de avogados fóra da Coruña.

Por parte da interventora e da secretaria maniféstase que cren recordar, que segundo o Regulamento de asistencia xurídica da Deputación Provincial, a defensa xudicial é unicamente nos procedementos contencioso-administrativos, polo que non se podería utilizar para este suposto.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que irse a Cataluña está ben, pero supón que aquí na Coruña tamén habería bufetes de avogados para defender este tema, e ao mellor custaba menos. Pregunta cando se vai pagar o do Sr. alcalde.

O Sr. alcalde contesta que neste orzamento só se incluiu o do ex-concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, formula, en nome do seu grupo, unha proposta alternativa, e é a de que os servizos técnicos do concello soliciten unha valoración deste traballo ao Colexio de avogados e pagalo, pois parécelles correcto que se abone o que corresponda, pero o que non pode ser é contratar un bufete de prestixio nacional, e contratalo sen informes previos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, aclara que non contratou os servizos o concello, senón o Sr. Andrés Arcay.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que apoia a proposta do PP.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, tamén está de acordo en pedir a valoración ao Colexio de avogados, pero despois haberá que traelo novamente para estudar se se paga ou non se paga.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta do PP. Votan a prol os tres concelleiros do PP, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro de GM (PG). Abstéñense os dous concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG.

A comisión, por cinco votos a prol, ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

Solicitar ao Colexio de avogados unha valoración do servizo correspondente á defensa xurídica do ex-concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior por gastos nos que incorreu no exercicio do seu cargo, e unha vez emitida a dita valoración, levarase a cabo un novo estudo do asunto.

5º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, SEGURIDADE CIDADÁ E TRANSPORTES

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos nove concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Non se formularon rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 17345 o 18 de decembro de 2009.

1º Na zona da Xira e da Pena os veciños seguen reclamando máis seguridade viaria; despois das obras de reposición da tubaxe da agua, o perigo para os peóns cando saen das súas casas é aínda maior. Rogamos nos informen se existe algún proxecto para construír beirarrúas ou sendas peonís na zona.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que hai un proxecto para continuar a que se iniciou na Xira.

O Sr. alcalde engade que están pendentes porque a ese proxecto vanlle meter o saneamento.

2º Na zona dos Campóns á altura do concesionario da Renault, as cunetas están totalmente tupidas de maleza e cando chove a auga invade a estrada co conseguinte perigo que isto supón. Solicitamos que se solucione este problema coa maior brevidade posible.

O Sr. alcalde contesta que se mandará un escrito a quen corresponda a titularidade, sexa a Deputación ou a Xunta.

3º A iluminación de Altamira é totalmente insuficiente, ademais non funcionan os farois que están en Km.13 ao lado do paso de peóns e a do parque público. Un problema que xa non é novo pero a día de hoxe segue sen estar solucionado. Solicitamos se tomen as medidas oportunas para solucionar este problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que pasarán aviso á empresa.

4º No último pintado da estrada de Cambre ao Temple, da rúa Cruceiro e da estrada de Cambre a Guísamo, eliminaron a liña discontinua para acceder á rúa Miguel González Garcés, polo que calquera persoa que queira entrar nesa rúa se ven dende o Campo da Feira en dirección a Guísamo ou Carral, ten que ir ata Cela, dar a volta e incorporarse á rúa. Dende o pintado, son numerosos os vehículos que seguen realizando a manobra aínda que agora mesmo estea prohibida. Rogamos nos informen dos motivos polos que se suprimiu a liña discontinua.

O Sr. alcalde contesta que foi a Xunta. Di que tamén hai outros problemas, por exemplo, no Drozo hai que ir a Pravio para dar a volta.

Dona Mª Jesús González Roel, do PP, pregunta se non se fixo unha consulta previa ao concello.

O Sr. alcalde contesta que non.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 17212 o 17 de decembro actual, xunto coas preguntas.

1º Ante o problema xurdido na autoestrada do Atlántico nas inmediacións de Pravio, motivado na rotura e mal estado do valado que delimita o espazo, do que AUDASA é o único responsable ante o abandono e falta de mantemento.

O noso grupo prega se nos informe das actuacións realizadas polo goberno local.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que cando o martes estiveron cos veciños vendo o problema, comprobouse que o que contaron os de AUDASA era unha mentira para escorrer o vulto, e este venres enviouse un informe ao Ministerio de Fomento e a AUDASA. Había 10 ou 12 puntos co valo deteriorado, e tamén se fixo mención no informe á varanda da ponte na estrada de Armental, así como ao tratamento das pluviais que baixan pola autoestrada.

Conclúe dicindo que este informe saíu por rexistro de saída o venres. Enviouse incluso un plano con todos os rúas polos que ían as vacas.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 17212 o 17 de setembro actual, xunto co rogo.

1ª Co fin de achgar a administración aos veciños/as, o Concello de Cambre conta co servizo de Portelo Único, por medio do cal se poden realizar diferentes xestións administrativas coa Xunta de Galicia. Non ten o noso grupo coñecemento de que na actualidade se poidan realizar trámites coa administración xeral do Estado ou outras administracións públicas.

Poden informarnos do nivel e utilización do servizo?

Que motivo impide ao concello realizar trámites coa administración xeral do Estado?

O Sr. alcalde contesta que está asinado, pero por agora non se está utilizando.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que haberá que dar ordes para que se fagan os trámites, e incluso poñelo na páxina web.

2ª Cando se pintou e sinalizou a estrada AC-214 (Cambre-Pravio), elimináronse liñas discontinuas que permitían o acceso a vivendas con vehículos, provocando o conseguinte prexuízo a veciños/as da zona.

Ten o goberno coñecemento deste feito?

Teñen previsto tomar algún tipo de medidas respecto do tema?

Don Luis Miguel Taibo Casás conclúe que haberá que dicirlllo á Xunta.

3ª Fai máis dun ano o noso grupo realizaba unha pregunta sobre os continuos desprendementos de terra nun terreo situado na estrada de Cambre ao Temple, supoñendo

un perigo para a integridade física das persoas e os conseguíntes gastos para o concello ao ter que levar a cabo a retirada da terra depositada na beirarrúa e na estrada.

Transcorrido máis dun ano a situación segue igual ou peor, sen que se apreciara ningún tipo de actuación para corrixir a situación.

Ante isto o noso grupo fai a seguinte pregunta:

Que medidas se teñen adoptado para dar solución ao problema?

O Sr. alcalde contesta que ese noiro límpase de vez en cando. Os propietarios terían que actuar, pero o propietario morreu e os herdeiros non fan nada.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que é a mesma contestación que deu hai un ano, que llelo ía dicir aos propietarios. O concello non pode estar limpándoo de continuo e que estea caendo tamén de continuo. É un sitio que o ve todo o mundo.

Conclúe dicindo que deben mandar un escrito aos propietarios para que busquen unha solución ao problema, que planten algo para que non se desprenda ou algo similar.

4ª O noso grupo municipal ten presentado 20 propostas para proxectos do “Fondo estatal para o emprego e a sostenibilidade local” para o vindeiro ano 2010.

Pode informarnos o goberno da situación dos proxectos, e se pensa convocar aos grupos da oposición co fin de acadar un consenso na selección das actuacións?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que as propostas que se recibiron tenas un técnico para informar a viabilidade. Hai que facer unha valoración económica aproximada e ver a súa viabilidade.

Conclúe dicindo que a ver se se puidera ter unha reunión para a próxima semana.

A continuación, dona Mª Jesús González Roel, do PP, pide que, se poden, contesten á seguinte pregunta: se foi o concello o que colocou unhas luces azuis nas árbores que hai na rúa Anxel Fole, na rúa Tapia, pois chamaron ao concello e parece que as puxo o concello.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, segundo as informacións de que dispón, foron os comerciantes daquela rúa os que chamaron á empresa contratada polo concello para colocar a iluminación navideña, e pagárono eles.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, CULTURA,
BENESTAR SOCIAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E
TURISMO**

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009

A Sra. presidenta pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as doce horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Economía, Facenda, Contratación,
Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Presidente da Comisión Informativa de
Urbanismo, Seguridade Cidadá e
Transportes

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Deportes, Cultura, Benestar
Social e Normalización Lingüística

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Jaime Manuel López Lisnier

Presidente da Comisión Informativa de
Participación Cidadá, Igualdade e
Turismo

A secretaria xeral

Laura Fernández Martínez

Mª Luisa de la Red Ampudia